



Sesión extraordinaria do 4 de maio de 2005

<p>Asistentes</p> <p>D. Docampo Amoedo (Presidente)</p> <p>A. Mazaira Castro (Vicerreitor de P.D.C.O.)</p> <p>M. Suárez Pazos</p> <p>X.M. Cid Fernández</p> <p>J.A. Fraiz Brea</p> <p>J. F. Gálvez Gálvez</p> <p>J.C. Mejuto Fernández</p> <p>P. Rabanal Carbajo</p> <p>S. Reboreda Morillo</p> <p>J. Rodeiro Iglesias</p> <p>A. Cid Sabucedo</p> <p>A. García Masegosa</p> <p>A.M. Fdez. Saborido</p> <p>V. Forján Cid</p> <p>D. Vila Fabello</p> <p>L. Pérez Gómez</p> <p>F. Rivas Conde</p>	<p>No Salón de Graos do edificio de Facultades, coa asistencia dos compoñentes, citados á marxe, reúnese o Consello de Campus de Ourense en sesión extraordinaria o día 4 de maio de 2005, ás 12,30 horas, en segunda convocatoria, coa seguinte orde do día:</p> <p><b>1. Posición do Consello de Campus perante a proposta de modificación do calendario escolar.</b></p> <p>O Presidente indica que se considerou importante que o Consello de Campus valorara a oportunidade da modificación do calendario escolar, proposta aberta ás suxestións dos membros da comunidade universitaria. Fai unha breve presentación da citada proposta, manifestando a existencia de contactos cos estudantes desta Universidade, en especial con todo tipo de representantes. A continuación diversos membros do Consello deron a súa opinión.</p> <p>O profesor García Masegosa considera positiva a proposta, pero cree que non debería facerse dun xeito unilateral por parte da Universidade de Vigo, senos que se deberían implicar o resto das Universidades galegas, ao tempo que deberían estar resoltas as modificacións pertinentes no ensino secundario.</p> <p>O profesor Rodeiro Iglesias pregunta si tal iniciativa non debería contar previamente coa autorización dalgún organismo dependente da Xunta.</p> <p>O profesor Fraiz Brea indica que no seu centro informouse ao profesorado. Non ve problemas en que sexa a nosa Universidade a que leve a iniciativa. O decanato apoia a reforma.</p> <p>O Presidente expón que a Universidade ten autonomía neste ámbito de decisión. Tivéronse contactos con todas as Universidades galegas e con outras do Estado. É positivo que sexamos nós quen lideremos a reforma do calendario, somos un punto de referencia; en certo sentido Galicia está agardando a que sexa Vigo quen tome a iniciativa. En canto ao ensino secundario, a reforma inicialmente afectaría a un 12% dos estudantes, que son os que entrarían na Universidade na convocatoria de setembro, que xa, actualmente, non comezan o curso na data oficial, polo que a súa situación non variaría co novo calendario.</p> <p>O profesor Cid Sabucedo saúda a iniciativa como positiva. Sen embargo considera que se debería facer un gran esforzo por aclarar e difundir como se resolverían os pequenos problemas que puidesen xurdir.</p> <p>O Presidente manifesta que o documento inicial era mais amplo, pero que se reduciu para que, a través do debate, se fose perfilando</p>
--	---

